



Centro urbano de As Pontes. SABELA MOSCOSO

O Concello apoia a creación de novas empresas con importantes axudas a fondo perdido

As novas liñas de axuda, recollidas no programa "As Pontes Emprende 2015", darán subvencións a fondo perdido de ata 3.000 euros a empresas de nova creación para aluguer

de locais e para infraestruturas.

Esta iniciativa responde á preocupación do goberno municipal polas dificultades que atravesan os emprendedores ao inicio da súa actividade.

Con esta medida o Concello pretende ademais fomentar o emprego e o autoemprego, ao tempo que dinamiza o aluguer de inmobles, axudando así a activación da economía local. Páx 2-3

O novo Centro Administrativo, exemplo de recuperación do patrimonio e servizos

Coa reforma da vella estación de autobuses, o Concello de As Pontes pon en valor, unha vez máis, o patrimonio da vila, recuperado para ofrecer un espazo público e que preste un servizo aos cidadáns.

O novo centro administrativo reúne as instalacións, por unha banda, dos efectivos da Policía Local e Protección Civil, e pola outra, a oficina do catastro e a do DNI, que agora teñen máis espazo para atender a veciñanza. Páx 3-4

Continúa a remodelación do mercado municipal

Páx 7

Comeza o traslado do punto limpo ao polígono dos Airíos

Páx 8

Máis de 1.000 persoas na primeira carreira *Corre por Elas*

Páx 21

A empresa MMYPEN achega As Pontes a todos os recunchos do mundo Páx 12